

ESTUDO PREVIO DE INICIACIÓN DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE CASTENDA (TORDOIA – A CORUÑA)

A Coruña, na data da sinatura dixital

Coordinadora:

María Belén Mosquera Val
Enxeñeira agrónoma
Xefa de Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña

Empresa consultora:

Víctor Manuel de la Cruz Vigo
Enxeñeiro agrónomo
(Coordinador equipo redactor)





INDICE XERAL

MEMORIA

ANEXOS

1. Documento de síntese do estudo de impacto ambiental
2. Características da rede viaria no estudo de impacto ambiental
3. Consultas a órganos relevantes
4. Certificado da reunión do Comité Técnico Asesor
5. Solicitud da reestruturación parcelaria na parroquia

PLANOS

1. Situación e localización
2. Análise da situación actual
3. Parcelario sobre ortofotografía
4. Análise de sensibilidade



MEMORIA



ÍNDICE DA MEMORIA

1.	OBXECTO DO ESTUDO.....	3
1.1.	NATUREZA DA TRANSFORMACIÓN	3
1.2.	LOCALIZACIÓN	3
1.3.	DESCRICIÓN DA ZONA	4
1.3.1.	Medio físico	4
1.3.1.1.	Climatoloxía.....	4
1.3.1.2.	Relevo.....	4
1.3.1.3.	Xeoloxía.....	6
1.3.1.4.	Tipos de solos e capacidade produtiva.....	7
1.3.2.	Poboación	9
1.3.3.	Histórico de ortofotografías.....	10
1.4.	DIRECTRICES DO ESTUDO.....	17
2.	ESTUDO DE CARACTERIZACIÓN	18
2.1.	Estrutura da propiedade	18
2.2.	Potencialidade agraria da zona.....	18
2.2.1.	Análise altimétrico	18
2.2.2.	Análise espacial.....	20
2.2.3.	Usos do solo.....	21
2.2.4.	Zonas de maior potencial agrícola	22
2.2.5.	Posibilidades de calidade diferenciada vinculada á orixe xeográfica.....	24
2.3.	Descrición das explotacións agrarias.....	24
2.3.1.	Explotacións agrarias na contorna da zona de estudo.....	27
2.4.	Descrición de áreas de alto valor	29
2.4.1.	Principais elementos ambientais	29
2.4.2.	Bens de interese cultural, histórico ou artístico.....	32
2.5.	Dinamismo do territorio e poboación.....	34
2.5.1.	Investimentos realizados	34
2.5.2.	Experiencias previas de reestruturación parcelaria.....	35
3.	SITUACIÓN TRANSFORMADA.....	36
3.1.	Estrutura da propiedade tras o proceso	36
3.2.	Posibilidade de mitigar os efectos do cambio climático.....	37
4.	ENTIDADES E ACTORES RELEVANTES.....	39
4.1.	Consultas dende a Dirección Xeral de desenvolvemento rural	39
4.1.1.	Axencia Galega de Infraestruturas.....	40



4.1.2.	Dirección General de planificación y evaluación de la red ferroviaria.....	40
4.1.3.	Área de Fomento. Delegación del Gobierno de Galicia	40
4.1.4.	Dirección General de Carreteras. Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia	40
4.1.5.	Deputación Provincial de A Coruña	40
4.1.6.	Xerencia Territorial do Catastro.....	40
4.1.7.	Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.....	41
4.1.8.	Rexistro da Propiedade de Ordes.....	41
4.1.9.	Concello de Tordoia	41
4.2.	Comité Técnico Asesor de reestruturación parcelaria.....	42
5.	GRAO DE ACEPTACIÓN SOCIAL	42
6.	AVALIACIÓN ECONÓMICA E FINANCEIRA DAS INVERSIÓNS	42
6.1.	Custos do proxecto	43
6.1.1.	Custos de inversión	43
6.1.2.	Custos ordinarios.....	45
6.1.3.	Custos extraordinarios	46
6.1.4.	Resumo de custos do proxecto	46
6.2.	Beneficios do proxecto	47
6.2.1.	Beneficios ordinarios.....	47
6.2.2.	Beneficios extraordinarios	48
6.2.3.	Resume dos beneficios do proxecto.....	48
6.3.	Custos e beneficios da situación sen proxecto	49
6.3.1.	Custos da situación sen proxecto.....	49
6.3.2.	Beneficios da situación sen proxecto.....	51
6.4.	Custos e beneficios incrementais, fluxos incrementais netos.....	52
6.5.	Indicadores de avaliación	53
6.6.	Análise de sensibilidade do proxecto.....	54
6.6.1.	Mantemento do uso de solo nas mesmas condicións que na actualidade	54
6.6.2.	Incremento do uso agrícola nun 39% respecto á actualidade	56
7.	CONCLUSIÓNS E AVALIACIÓN GLOBAL DA VIABILIDADE.....	58
8.	REFERENCIAS	59
8.1.	ÍNDICE DE TÁBOAS.....	59
8.2.	ÍNDICE DE FIGURAS	60



1. OBXECTO DO ESTUDO

1.1. NATUREZA DA TRANSFORMACIÓN

A reestruturación parcelaria, por medio da reordenación da propiedade, pretende promover a constitución e mantemento de explotacións de dimensións suficientes e características axeitadas, reunindo nun mesmo lugar os dereitos de varias fincas rústicas para mellorar a súa utilidade.

A normativa vixente de aplicación para este tipo de procesos é a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, tendo como obxectivo principal mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias, de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus aproveitamentos, calquera que sexan estes, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva (art. 2.1.a).

Asemade, para os predios que non formen parte de explotacións agrarias, pretendese establecer medidas de agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agrario, entendendo como tal a loita contra o abandono, a formación de novas explotacións ou incorporación ás xa existentes. (art. 2.1.b)

Ademais de reordenar a propiedade, establécese unha rede viaria para dar acceso aos predios de substitución, así como outras obras e melloras no territorio de actuación. Ao final do proceso, procédese á inmatriculación rexistral da propiedade concentrada.

A reestruturación parcelaria atópase na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental entre os proxectos que recolle o anexo I e o anexo II. Actualmente, no concello de Tordoia existen un total de 4.453 ha reestruturadas que representan o 35,74% da superficie total do concello.

1.2. LOCALIZACIÓN

A zona a reestruturar, que abrangue 1.208,95 hectáreas, correspóndense ca totalidade da parroquia de Castenda, situada ao sur do concello de Tordoia, pertencente á comarca de Ordes.

Os límites da zona de estudo son:

- Norte: parroquias de Cabaleiros e Gorgullos (Tordoia)
- Sur: parroquia de Trazo (Trazo)
- Leste: parroquia de Campo (Trazo)



- Oeste: parroquias de Monzo, Restande e Benza (Trazo)




Figura 1: Situación da zona de estudo no concello de Tordoia

1.3. DESCRICIÓN DA ZONA

1.3.1. Medio físico

1.3.1.1. Climatoloxía

Segundo o "*Estudo de impacto ambiental da reestruturación parcelaria de Castenda (Tordoia-A Coruña)*", de xuño de 2020, a temperatura media anual ao redor de 11,1°C cun período libre de xeadas vai do 11 de marzo ao 28 de novembro; a precipitación total anual media é de 1.596,7 mm. Atendendo ós datos térmicos e pluviométricos da zona, esta atópase enmarcada nun clima de tipo oceánico menos nos meses centrais do verán nos que e de tipo de transición sen chegar a acadar a caracterización de mediterráneo.


1.3.1.2. Relevo

Segundo o "*Estudo de impacto ambiental da reestruturación parcelaria de Castenda (Tordoia-A Coruña)*", de xuño de 2020, a altitude media da zona de reestruturación sitúase nos 365,943 m., o que tendo en conta as cotas mínimas e máximas, 303,858 m e 428,028 m. respectivamente, indica un relevo suave, lixeiramente ondulado pola presenza das bagoadas polas que discorren o Río Chonia, Rego de Carballa, Río Ríal e Rego Penelas. Serán



precisamente os cursos fluviais que percorren a zona ós principais elementos xeográficos ca configuran ante a falta de relevos salientables.

Na seguinte imaxe represéntase graficamente as altitudes da zona:



Fonte: EIA

Figura 2: Mapa de elevacións

As elevacións da zona de estudo son as que figuran na táboa que segue a continuación:

RANGOS	Ha	%
<325	87,12	7,20
326-350	341,78	28,27
351-375	484,74	40,10
376-400	220,95	18,28
>401	74,33	6,15
Total	1208,95	100,00

Fonte: EIA

Táboa 1: Rangos de elevacións




O 68,37 % da superficie da zona de reestruturación sitúase entre os 326 e os 375 m de altitude.

1.3.1.3. Xeoloxía

Segundo figura no *"Estudo de impacto ambiental da reestruturación parcelaria de Castenda (Tordoia-A Coruña)"*, de xuño de 2020, a zona de reestruturación está encadrada na folla de Santa Comba (69) e de Ordenes (70) do Mapa Xeolóxico de España E.1:50.000, na división establecida por Julivert et al. (1972) como zona Centro-Ibérica.

Como se pode observar no mapa que ven a continuación, a maior parte da zona de estudo está dentro do dominio do Macizo de Ordes, son materiais que sufriron un metamorfismo rexional de grao variable, así como un metamorfismo de contacto non moi desenvolvido asociado ás intrusións.




Fonte: EIA

Figura 3: Mapa xeolóxico



1.3.1.4. Tipos de solos e capacidade produtiva

Segundo figura no "Estudo de impacto ambiental da reestruturación parcelaria de Castenda (Tordoia-A Coruña)", de xuño de 2020, os tipos de solos da zona de estudo son desenvolvidos sobre materiais graníticos (Cambisoles e Umbrisoles ántricos) ou sobre xistos (Umbrisoles ferrálicos e háplicos e Cambisoles antri-ferrálicos / antri-dístricos e Umbrisol antri-ferrálicos/ ántricos).




Fonte: EIA

Figura 4: Tipos de solos

C. Francisco Díaz-Fierros Viqueira e D. Fernando Gil Sotres ("*Capacidad productiva de los suelos de Galicia*") aplicando a metodoloxía da FAO de avaliación de terras e partindo de mapas de solos, xeolóxicos, topográficos, fotografías aéreas e datos de 124 estacións termopluviométricas obtiveron un mapa de Galicia a escala de síntese (1:200.000) da



produtividade dos solos de Galicia (© Universidade de Santiago de Compostela). Posteriormente, transformaron estes valores en datos de aptitude para os cultivos intensivo de millo, prados e bosque de *Pinus pinaster*, quedando para a zona de estudo:



Fonte: © Universidade de Santiago de Compostela

Figura 5: Aptitude produtiva para o millo, prado e pino



1.3.2. Poboación


Segundo datos do INE dos últimos dez anos, a poboación da parroquia de Castenda reduciuse nun 25,16%. Refléctense os datos na seguinte táboa:

LUGAR	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
050200 Borreiros	9	9	9	8	8	8	8	8	8	8
050300 Bouzamelle	9	9	9	8	7	7	7	7	7	7
050400 O Carballal	128	122	119	115	109	103	100	98	101	105
050900 Tarroeira	122	117	117	116	114	106	103	105	109	100
051000 Vilar	75	74	75	70	70	68	66	62	58	53
051100 Vilaescuro	45	45	43	40	40	39	38	37	37	37
Totais	388	376	372	357	348	331	322	317	320	310

Fonte: INE

Táboa 2: Evolución da poboación na parroquias a reestruturar nos últimos 10 anos

Graficamente:



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

Figura 6: Evolución da poboación nos últimos 10 anos na parroquia de Castenda



1.3.3. *Histórico de ortofotografías*

A mellor maneira de saber se ao longo dos anos houbo cambios nos usos do solo é superpoñendo o perímetro de actuación sobre ortofotografías de diferentes anos. A continuación móstranse varias imaxes co resultado:





Figura 7: Superposición da zona de estudo sobre ortofotografía voo americano, serie B (1956-1957)



Fonte: PNOA

Figura 8: Superposición da zona de estudo sobre ortofotografía voo Sigpac (2002-2003)




Figura 9: Superposición da zona de estudo sobre ortofotografía PNOA 2005





Figura 10: Superposición da zona de estudo sobre ortofotografía PNOA 2008



Fonte: PNOA

Figura 11: Superposición da zona de estudo sobre ortofotografía PNOA 2010






Figura 12: Superposición da zona de estudo sobre ortofotografía PNOA 2014



Fonte: PNOA

Figura 13: Superposición da zona de estudo sobre ortofotografía PNOA 2017



Fonte: PNOA

Figura 14: Superposición da zona de estudo sobre ortofotografía PNOA 2020

Despois destas imaxes pódese concluír que ao longo dos anos a superficie forestal foi gañando terreo a superficie agraria, e as plantacións de piñeiro foron substituídas por plantacións de eucaliptos.

1.4. DIRECTRICES DO ESTUDO

A Lei 4/2015 do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia establece no seu artigo nº 9 a necesidade de elaboración do estudio previo de iniciación, unha vez superado favorablemente o proceso de avaliación, correspondéndolle o servizo provincial



a elaboración do mesmo, logo do mandato da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

A zona de Castenda conta cun Estudo de Impacto Ambiental redactado no ano 2020 e publicado no DOG N° 245 de 4/12/2020, que deberá terse en conta na elaboración do presente estudo.

2. ESTUDO DE CARACTERIZACIÓN

2.1. Estrutura da propiedade

De acordo co estudo de impacto ambiental, a zona de estudo ten unha superficie de 1.208,95 hectáreas, das que habería que deducir a superficie ocupada polas vías de comunicación, canles fluviais e construcións.

Segundo os datos catastrais:

- O número de parcelas na zona a reestruturar é de 3.570.
- Existen 150 parcelas sen propietario descoñecido que suman un total de 72,6 hectáreas.
- Hai 510 propietarios que posúen 3420 parcelas, o que suma 1111,48 hectáreas.

Na táboa seguinte estratifícanse en rangos as parcelas por propietario:

Nº parcelas	Nº propietarios	Superficie (ha)	Parcelas/ Prop	Superficie media/prop.(m²)
1	182	75,07	1	4.125
2 a 5	164	183,02	3,13	11.159,76
6 a 10	84	214,08	7,75	25.485,71
11 a 20	38	246,17	15,21	64.781,58
>20	42	393,14	35,60	93.604,76

Fonte: elaboración propia a partir de datos catastrais

Táboa 3: Datos catastrais de número de parcelas e propietarios

2.2. Potencialidade agraria da zona

2.2.1. Análise altimétrico

Segundo se pode obter do "Estudo de impacto ambiental da reestruturación parcelaria de Castenda (Tordoia-A Coruña)", de xuño de 2020, a potencialidade agraria da zona é moi




elevada, xa que, o 63,19% da zona de estudo ten unha pendente inferior ao 10%. Podería considerarse laborable ata pendentes do 20%, o que suporía o 93,65% do terreo da zona.

RANGOS	Ha	%
<10	763,90	63,19
10-20	368,31	30,46
21-30	60,61	5,02
31-40	13,40	1,11
41-50	2,08	0,17
>50	0,66	0,05
Total	1208,95	100,00%

Fonte: EIA

Táboa 4: Rangos de pendentes



Fonte: EIA

Figura 15: Mapa de pendentes




2.2.2. Análise espacial

Os ríos e regatos e as súas valgadas determinan a orografía da zona. No tocante ás orientacións, a menos predominante é a norte mentres que a leste (29,60%), sur (26,75%) e oeste (26,30%) ocupan unha porcentaxe similar segundo se observa na táboa que ven a continuación:

RANGOS	Ha	%
Norte	209,79	17,35
Leste	357,89	29,60
Sur	323,38	26,75
Oeste	317,90	26,30
Total	1208,95	100,00

Fonte: EIA

Táboa 1: Rangos de orientacións




Fonte: EIA

Figura 16: Mapa de orientacións



2.2.3. Usos do solo

Segundo o “*Estudo de impacto ambiental da reestruturación parcelaria de Castenda (Tordoia-A Coruña)*”, de xuño de 2020, o 50,76% da superficie está destinada a cultivos e pasteiros para o gando, seguido das plantacións forestais para produción de madeira 38,34%. As frondosas autóctonas representan tan so o 6,32%, limitándose a pequenas carballeiras ou beiras de parcelas de labradío ou camiños ou vexetación de rivera asociada a canles fluviais.



Fonte: EIA

Figura 17: Usos do solo da zona de estudo



USOS	Ha	%
Canles fluviais	4,03	0,33
Edificacións e usos non agrícolas	15,03	1,24
Frondosas autóctonas	76,42	6,32
Matogueiras	5,77	0,48
Mosaico de cultivos e pasteiros	613,64	50,76
Plantacións forestais	463,56	38,34
Vías de comunicación	30,50	2,53
<i>Total</i>	<i>1208,95</i>	<i>100,00%</i>

Fonte: EIA


Táboa 2: Uso do solo na zona a reestruturar

2.2.4. Zonas de maior potencial agrícola

Co estudo de impacto ambiental da zona e o traballo de campo, pódese determinar a zona de maior potencial agrícola. Para a cal, non se consideran as zonas de maiores pendentes xa que é un dos principais factores limitantes na práctica da agricultura.

A superficie que se podería considerar como terreo de maior potencial agrícola unha vez deducida a superficie ocupada por edificacións, estradas, ríos, hábitats prioritarios e carballeiras podería acadar as 1037,21 ha, o que representa o 85,79% da zona de estudo.

Este contorno, segundo os usos do solo actuais, abrangue un 52,57% de cultivos e prados seguido dun 32,66% de plantacións forestais para a produción de madeira.



Fonte: elaboración propia a partir do EIA

Figura 18: Zona de maior potencial agrícola



2.2.5. Posibilidades de calidade diferenciada vinculada á orixe xeográfica

A parroquia de Castenda está situada nunha zona privilexiada para a posible produción de diversos produtos xa que están incluída dentro da seguinte denominación de orixe protexida, indicación xeográfica e consello regulador de agricultura ecolóxica:

- DOP:
 - DOP queixo Tetilla
- Indicación Xeográfica:
 - IX das augardentes e licores tradicionais de Galicia
 - IX Mel de Galicia
 - IXP Ternera Gallega
 - IXP Lacón Gallego
 - IXP Patata de Galicia
 - IXP Grelos de Galicia
 - IXP Tarta de Santiago
 - IXP Pan Galego
- CR Agricultura Ecolóxica de Galicia

2.3. Descrición das explotacións agrarias

Na táboa seguinte expóñense os datos das explotacións da zona obtidos a partir da consulta realizada ao Servizo de explotacións agrarias da Xefatura Territorial da Coruña.

Non se teñen en conta as explotacións de menos 3,2 UGMS por considerarse de autoconsumo segundo a *"ORDE do 30 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, financiadas co instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento MR404A, MR405A e MR405B)"*.

Obtéñense un total de 59 explotacións agrarias censadas nas que a actividade predominante é o gando bovino. Como se pode observar na táboa, no 44% das explotacións a actividade é testemuñal ou nula, xa que non dispoñen de UGMs. Destacar que hai 12 explotacións por riba dos 30 UGMs, o que indica que na parroquia hai unha importante gandeiría, con bastantes explotacións viables dende o punto de vista das dimensións produtivas.




CODIGO	ORIENTACIÓN	TOTAL UGMS
G15*****54	Bovino	33,2
G15*****57	Bovino	5,64
G15*****67	Bovino	22,36
G15*****97	Bovino	63,6
G15*****01	Bovino	95,4
G15*****04	Bovino	164,72
G15*****24	Bovino	7,72
G15*****27	Bovino	94,4
G15*****41	Bovino	22,2
G15*****51	Bovino	5,14
G15*****08	Bovino	27
G15*****21	Bovino	30,6
G15*****99	Bovino	7,4
G15*****00	Bovino	42,8
G15*****24	Bovino	27,6
G15*****35	Bovino	170,6
G15*****43	Bovino	3,6
G15*****48	Bovino	29,8
G15*****61	Bovino	20,4
G15*****63	Bovino	13
G15*****05	Bovino	38,6
G15*****30	Bovino	87,8
G15*****40	Bovino	25,6
G15*****57	Bovino	40
G15*****70	Bovino	57,64
Total UGMS		1136,82

Fonte: S.E.A. 2022

Táboa 3: Explotacións existentes na parroquia de Castenda

Con esta carga gandeira e considerando só as explotacións na zona delimitada e proposta para as actuacións de reestruturación, os datos da PAC para o ano 2022, que se recollen graficamente na imaxe que segue a continuación, indican un alto aproveitamento dos recursos naturais.



Fonte: FOGGA

Figura 19: Parcelas beneficiarias das axudas da PAC no ano 2022

Cos datos da PAC facilitados polo FOGGA pódese saber que son 1340 parcelas as que reciben axudas da PAC, ocupando unha superficie de 485,98 hectáreas.

En canto aos produtos e superficie ocupada por cada un deles, represéntanse na táboa seguinte. Na primeira columna identifícase o produto, seguido da superficie declarada e a porcentaxe que representa sobre o total de superficie declarada.



Produto	Superficie (ha)	Porcentaxe
Barbeito sen produción	2,41	0,31%
Barbeito tradicional	0,34	0,04%
Berzas	0,04	0,01%
Col	0,90	0,12%
Horta	4,25	0,55%
Mestura veza-raygrass	6,45	0,83%
Millo	264,81	34,23%
Nabo	13,84	1,79%
Outras superficies forestais	0,23	0,03%
Pasteiro de 5 o más anos	148,45	19,19%
Pasteiro de menos de 5 a anos	136,81	17,68%
Pasto arbolado de 5 o más anos	2,41	0,31%
Pasto arbustivo de 5 o más anos	0,81	0,10%
Pataca	10,11	1,31%
Raygras anual (Lolium multiflorum LAM. And hybrids)	180,95	23,39%
Trigo blando	0,79	0,10%
Totais	773,60*	100,00%

Fonte: FOGGA

* A superficie total é superior porque hai parcelas que reciben axuda por varios produtos.

Táboa 4: Superficie declarada na PAC

2.3.1. Explotacións agrarias na contorna da zona de estudo

Segundo figura no *"Informe de avaliación de Castenda da Torre"* redactado polo Servizo de Infraestruturas Agrarias de A Coruña, na seguinte imaxe móstrase o número de explotacións de vacún de leite e o número de cabezas de cada explotación e a súa situación xeográfica. Compróbase a existencia dun número importante de explotacións de vacún de orientación leiteira nas parroquias veciñas, principalmente na de Campo.




Figura 20: Explotacións de vacún de leite

En canto ao vacún con orientación cárnica, aínda que existen explotacións, non son moi importantes polo número de cabezas que as compoñen cada unha delas se ben. Representábase graficamente a súa situación na seguinte imaxe:




Figura 21: Explotacións de vacún de carne




2.4. Descrición de áreas de alto valor


2.4.1. Principais elementos ambientais

Como se explica no estudo de impacto ambiental, a zona de estudo non está afectada por ningún espazo delimitado como Rede Natura 2000, ZEPA, ZEC, Plan Director, EPIN, ENIL, Reserva da Biosfera, Parque Nacional, Parque Natural, Humidal protexido, ZEPVN, Monumentos Naturais, Paisaxes Protexidas.

Pola parroquia de Castenda atravesa unha ruta de sendeirismo perfectamente sinalizada denominada PR-G88 (Sendeiro Bardás-Castenda). Percorre parte do concello de Tordoia en dirección N/S, atopándose no trazado importantes xacementos arqueolóxicos como o Castro de Bardaos, o Dolmen de Cabaleiros e o Castro de Vilar.

No mapa que segue a continuación marcase o percorrido da senda PR-G88 dentro da zona de estudo:






Fonte: EIA

Figura 22: Espazos naturais

Segundo o estudo de impacto ambiental, dentro da zona de estudo contémpanse a existencia dunha serie de hábitats incluídos na Directiva 92/43/CEE, dos que aparece algún prioritario (marcado cun *):

- 3260: Ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.
- 4020*: Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- 4030: Queirogais secos europeos.
- 6410: Prados con molineas sobre substratos calcáreos, turbosos o arxillo-limosos (*Molinion caeruleae*).
- 91E0*: Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae)
- 9230: Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.



Fonte: EIA

Figura 23: Hábitats da Directiva 43/92/CEE na zona de estudo

A superficie ocupada por cada hábitat especificase na seguinte. Estas zonas deberán ser protexidas ó longo do proceso nos termos establecidos no estudo de impacto ambiental e na declaración de impacto ambiental.



	Habitats da Directiva	Superficie (has)	% sobre o total
3260	Ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de <i>Ranunculus fluitantis</i> e de <i>Callitriche-Batrachion</i>	4,03	0,33
4020*	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>	1,21	0,10
4030	Queirogais secos europeos	1,76	0,15
6410	Prados con molineas sobre sustratos calcáreos, turbosos o arcillo-limosos (<i>Molinia caerulea</i>)	0,36	0,03
*91E0	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnus incanae</i> , <i>Salix albae</i>)	34,94	2,89
9230	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>	41,12	3,40
3260	Ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de <i>Ranunculus fluitantis</i> e de <i>Callitriche-Batrachion</i>	4,03	0,33
Total		87,45	7,23

Fonte: EIA.

Táboa 5: Habitats da Directiva 92/43/CEE presentes e superficie ocupada

2.4.2. Bens de interese cultural, histórico ou artístico

No referente ao Patrimonio Cultural, dentro do Estudo de Impacto Ambiental realizouse unha prospección arqueolóxica intensiva da zona para detectar a presenza de elementos etnográficos e xacementos arqueolóxicos. No anexo I do "Estudo de impacto ambiental da reestruturación parcelaria de Castenda (Tordoia-A Coruña)", de xuño de 2020, inclúese a prospección arqueolóxica completa na que se fai mención ás medidas protectoras a aplicar para evitar a destrución parcial ou total dos elementos e o seu entorno próximo.

Na seguinte táboa enuméranse e no plano número 2 pode verse a súa localización.

ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS				
Clave	Nome	Localización (Lugar/Parroquia)	Tipo de Evidencia/Tipoloxía	Adscripción cronocultural
CT16-07	Petón dos Mouros/ O Castro-GA15084R12	O Castro/Castenda da Torre (Sta. María)	Referencia/ Asentamento fortificado	Idade do Ferro- Época Romana
CT16-08	As Medorras de Vilaescuro-GA15084R10	Vilaescuro/Castenda da Torre (Sta. María)	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final- Bronce Final
CT16-10	Alto da Medorra 2-GA15084058	Vilaescuro/Castenda da Torre (Sta. María)	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final- Bronce Final
CT16-11	Alto da Medorra 1-GA15084R13	Vilaescuro/Castenda da Torre (Sta. María)	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final- Bronce Final



ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS				
Clave	Nome	Localización (Lugar/Parroquia)	Tipo de Evidencia/Tipoloxía	Adscripción cronocultural
CT16-12	<i>Silvarredonda- GA15084R30</i>	Tarroeira/Castenda da Torre (Sta. María)	Referencia/ Indeterminada	Indeterminada
CT16-14	<i>A Torre-GA15084R11</i>	A Torre/Castenda da Torre (Sta. María)	Referencia/Arquitectura militar	Idade Media-Moderna
CT16-17	<i>Túmulo de Alto das Penedas-GA15084074</i>	O Carballal/Castenda da Torre (Sta. María)	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final- Bronce Final
CT16-18	<i>As Medorras 2- GA15084054</i>	Tarroeira/Castenda da Torre (Sta. María)	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final- Bronce Final
CT16-19	<i>As Medorras 1- GA15084032</i>	Tarroeira/Castenda da Torre (Sta. María)	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final- Bronce Final
CT16-20	<i>Túmulo de Chan do Quenllo-GA15084073</i>	A Cruz do Carballal/Castenda da Torre (Sta. María)	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final- Bronce Final
CT16-21	<i>A Medorra- GA15084033</i>	Vilar/Castenda da Torre (Sta. María)	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final- Bronce Final
CT16-27	<i>As Croas-GA15084008</i>	Vilar/Castenda da Torre (Sta. María)	Xacemento/ Asentamento fortificado	Idade do Ferro- Época Romana

Táboa 6: Listado de elementos arqueolóxicos

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS				
Clave	Nome	Localización (Lugar/Parroquia)	Tipo de Evidencia/Tipoloxía	Adscripción cronocultural
CT16-01	<i>Casa Reitoral</i>	Carballo Verde/Castenda da Torre (Sta. María)	Elemento arquitectónico/ arquitectura civil	Idade Moderna- Contemporánea
CT16-15	<i>Igrexa de Sta. María</i>	A Torre/Castenda da Torre (Sta. María)	Elemento arquitectónico/ arquitectura relixiosa	Idade Moderna
CT16-16	<i>Aras romanas da igrexa de Sta. María</i>	A Torre/Castenda da Torre (Sta. María)	Achado/ elementos funerarios	Época romana

Táboa 7: Listado de elementos arquitectónicos

ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS				
Clave	Nome	Localización (Lugar/Parroquia)	Tipo de Evidencia/Tipoloxía	Adscrición cronocultural
CT16-02	Muíño 1 de Rego do Castro	O Castro/Castenda da Torre (Sta. María)	Elemento etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Contemporánea
CT16-03	Muíño 2 de Rego do Castro	O Castro/Castenda da Torre (Sta. María)		Idade do Ferro- Época Romana
CT16-04	Muíño 3 de Rego do Castro	Carballo Verde/Castenda da Torre (Sta. María)		Idade Moderna- Contemporánea
CT16-05	Muíño 4 de Rego do Castro			
CT16-06	Muíño 5 de Rego do Castro			



ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS				
Clave	Nome	Localización (Lugar/Parroquia)	Tipo de Evidencia/Tipoloxía	Adscripción cronocultural
CT16-09	<i>Muíño de Vilaescuro</i>	Vilaescuro/Castenda da Torre (Sta. María)	Elemento etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Moderna- Contemporánea
CT16-13	<i>Cruceiro da Torre</i>	A Torre/Castenda da Torre (Sta. María)	Elemento etnográfico/Cruceiro	Idade Contemporánea
CT16-22	<i>Chousa do Muíño</i>	Borreiros/Castenda da Torre (Sta. María)	Elemento etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Moderna- Contemporánea
CT16-23	<i>Muíño de Tras da Agra</i>	Campo de Millo/Castenda da Torre (Sta. María)	Elemento etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Moderna- Contemporánea
CT16-24	<i>Muíño de Monte dos Torreiros</i>	Campo de Millo/Castenda da Torre (Sta. María)	Elemento etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Moderna- Contemporánea
CT16-25	<i>Aceña da Gándara</i>	Campo de Millo/Castenda da Torre (Sta. María)	Elemento etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Moderna- Contemporánea
CT16-26	<i>Casa Grande de Castenda</i>	Vilar/Castenda da Torre (Sta. María)	Elemento etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Moderna
CT16-28	<i>Muíño de Tras da Agra</i>	Campo de Millo/Castenda da Torre (Sta. María)	Elemento etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Moderna- Contemporánea

Táboa 8: Listado de elementos etnográficos

2.5. Dinamismo do territorio e poboación

2.5.1. Investimentos realizados

Segundo os datos facilitados polo Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural da Coruña, as explotacións existentes na parroquia de Castenda, beneficiáronse de subvencións de axudas a primeiras incorporacións (liña A), plans de melloras (liña B) e pequenas explotacións (liña P). Nas táboas seguintes disgrégase as subvencións por ano, titular beneficiario e cantidade aprobada:

ANO	DNI	AXUDA APROBADA
2012	45*****3D	0
2014	46*****4S	24.178
2017	78*****8M	37.500
2019	48*****5R	45.000
2020	46*****1E	37.500

Táboa 9: Listado de explotacións que recibiron axudas a primeiras incorporacións (Liña A)



ANO	DNI	AXUDA APROBADA
2016	33*****5W	14.611
2016	J1*****05	52.320
2017	33*****5W	14.121
2017	J7*****76	49.448
2016	76*****8P	28.475
2017	76*****8P	49.928
2017	J1*****05	40.000
2018	J7*****08	6.972
2019	J1*****05	24.008
2020	76*****8P	29.088
2022	J7*****76	-

Táboa 10: Listado de explotacións que recibiron axudas para plans de melloras (liña B)

En todo o concello de Tordoia entre os anos 2012 e 2022 tramitáronse un total de 127 expedientes.

2.5.2. Experiencias previas de reestruturación parcelaria

No concello de Tordoia levouse a cabo o proceso de concentración parcelaria en varias parroquias:

ZONAS REMATADAS	CÓDIGO	SUPERFICIE (ha)	PROPIETARIOS
Gorgullos	150843170	1909	323
Leobalde	150843470	318	127
Numide	150843480	215	152
Vila de Abade	150843250	2011	345

Fonte: S./A.

Táboa 11: Zonas concentradas no concello de Tordoia

Polo sur a zona de estudo limita coa parroquia de Santa María de Trazo do concello de Trazo, na que estase a rematar a reestruturación parcelaria.



3. SITUACIÓN TRANSFORMADA

3.1. Estrutura da propiedade tras o proceso

Como se indicou anteriormente, segundo datos catastrais, na zona de estudo hai ao redor de 3.570 parcelas que pertencen a 510 propietarios e suman un total de 1.111.48 hectáreas, despois de descontar a superficie ocupada polas vías de comunicación, ríos e construcións.

Unha vez analizados os datos de partida cabe esperar que a maioría de propietarios con menos de 5 parcelas pasarían a ter un so predio de substitución e os de 6 ou mais unha media de 3 predios. Co fin de facer unha previsión do índice de redución estímase o seguinte:

- Os 182 propietarios de unha soa parcela recibirían un so predio de substitución
- O 90% dos propietarios con 5 ou menos parcelas recibirán un predio e o 10% restante dous.
- Os 244 propietarios de mais de 6 parcelas recibirán 2,3 predios
- Redución para camiños 4,5% e para masas comúns 2,5%

Con estas premisas o obxectivo para a reestruturación sería a da táboa:

Nº de propietarios**	512
Superficie achegada (ha)	1111,48
Superficie a distribuír (ha)	1033,68
Nº de parcelas	3720
Nº predios de substitución	828
Nº propietarios con parcela única	182
Nº propietarios con predio substitución único	258
Superficie media por parcela (ha)	0,3
Superficie media por predio substitución (ha)	1,25
Parcelas/propietario*	7,27
Predios substitución/propietario**	1,62
Coeficiente de redución	0,93
Índice de redución	4,49
Coeficiente de concentración	0,95

*Incluído o propietario Descoñecidos

**Incluídos os propietarios Descoñecidos e Masa Común

Táboa 12: Estimación do proceso reestruturador



Segundo estas estimacións, o tamaño medio do predio despois do proceso reestruturador sería de 1,25 ha que, sen ser un valor moi elevado, permite unha correcta mecanización e uso da propiedade.

Aínda que o tamaño das explotacións non pode ser directamente modificado polo proceso reestruturador, este si pode contribuír a mellorar a base territorial de aquelas facilitando o acceso aos instrumentos contemplados na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia mediante arrendamentos, permutas ou polígonos agroforestais. O proceso de reestruturación facilita o acceso ás figuras citadas mediante a realización do plan de ordenación de predios de especial vocación agraria (POPEVA) ademais de reducindo o número e identificando aos propietarios lindeiros dos novos predios.

3.2. Posibilidade de mitigar os efectos do cambio climático

Na exposición de motivos da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, recóllese que o espazo rural enténdese como un conxunto de actividades relacionadas e equilibradas, no que as funcións produtivas deben convivir en harmonía coas de defensa do contorno, da paisaxe e do patrimonio cara a un obxectivo único: a mellora de calidade de vida da poboación no seu medio e, como corolarios, a loita contra o abandono, a mitigación dos efectos do cambio climático, a alimentación sa e de calidade, a fixación da poboación no territorio rural e a mellora dos servizos postos á súa disposición.

“A mitigación dos efectos do cambio climático e a protección do entorno e o medio ambiente, que se concreta en figuras como a execución específica de procesos de reestruturación por causas medioambientais, a introdución de criterios de conservación da rede actual de camiños e a reserva de terreos para actuacións relativas a aplicación de medidas de corrección de impactos ambientais”.

As Administracións Públicas *“desenvolverán accións destinadas a superar a elevada fragmentación da propiedade, a reducir e reverter o abandono das terras, a mellorar as condicións de desenvolvemento sustentable de actividades agrícolas, gandeiras e forestais e á mitigación e adaptación aos riscos ambientais, en especial aos incendios forestais, e tamén aquelas tendentes á mellora e protección ambiental e paisaxística”.*

No relativo ás políticas preventivas contra os incendios forestais, os procesos de reestruturación pretenden *“a mobilización das terras agrarias en manifesto estado de abandono mediante a declaración como perímetros abandonados dun conxunto de fincas con vocación agraria, cando puideran supoñer risco de incendios forestais ou sexan obxecto de incendios, co conseguinte perigo para as áreas habitadas próximas as zonas queimadas, ou cando existise demanda de terra por parte de explotacións agrarias xa existentes nesas zonas ou para novas iniciativas de explotacións agrarias”.*

Entre os obxectivos xerais que se enuncian no artigo nº 2 da citada Lei, unha boa parte fan alusión a sostenibilidade e a loita contra o abandono e o cambio climático, pero o proceso



reestruturados tamén conleva efectos ambientais, xa que obriga a impedir o estado de abandono das fincas atribuídas e a respectar os seus valores ambientais, entre outras cuestións, mediante a cesión a terceiros ou incorporándoas ó Banco de Terras durante 10 anos si non se pode garantir dito coidado. Articúlase un sistema de mobilización de terras agrarias de carácter obrigatorio para quen non poda facer fronte ás súas obrigas de coidado como propietario, ben pola vía privada —cesións a terceiros—, ben pola incorporación o mecanismo público do Banco de Terras.

En síntese, podemos dicir que:

- 1.- A mellora da rede viaria como consecuencia dun proceso de reestruturación parcelaria redonda nunha redución dos tempos de transporte, especialmente importante en determinadas tarefas relacionadas coa xestión dunha explotación como poden ser os ensilados, abonados, etc., que supoñen un elevado número de viaxes entre a explotación e as fincas dos propietarios, diminuindo en consecuencia os consumos de combustible.
- 2.- Como consecuencia de mellorar a configuración das fincas en termos de dimensións e regularidade, tamén se reducen os tempos de traballo, aumentando os rendementos e diminuindo os consumos de combustible.
- 3.- Unha axeitada ordenación dos usos, así como a posta en produción de terreos en estado de abandono, reduce o risco de incendios forestais así como a mobilización de terras para o seu uso agrícola. Como consecuencia, as explotacións deficitarias en terras poden aumentar a súa base territorial, mantendo os limiares de carga gandeira en condicións óptimas para desenvolver as súas actividades, dispoñendo de maior superficie para xestionar os subprodutos da explotación e posibilitando futuras ampliacións ou implantacións de novas actividades.

A Orde da Consellería do Medio Rural 21 de xaneiro de 2022, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e a gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (DOG 31/01/2022) establece, entre outras, a liña de axuda b) Un pagamento para os agricultores que apliquen prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente («pagamento verde»). Entre os compromisos que deben asumir os beneficiarios, tanto para a xestión sustentable de pastos como para a extensificación do vacún de leite, se atopa manter unha carga gandeira entre 0,7 e 2,0 UGM/ha. Por tanto, o límite de sustentabilidade considerado é de 2 UGM/ha, que multiplicado pola SAU potencial calculada no apartado 2.2.4 devolve o número de UGM que poderían convivir na zona sen deixar de ser unha actividade sustentable desde o punto de vista ambiental e climático.

$$\text{SAU (ha)} \times 2 \text{ UGM/ha} = \text{UGM}$$

De acordo cos datos actuais, isto permitiría incrementar a cabana gandeira da zona en 937 UGM



4. ENTIDADES E ACTORES RELEVANTES

Coa finalidade de determinar a viabilidade e idoneidade da reestruturación na zona e como paso previo á declaración oficial do proceso mediante decreto, este Servizo iniciou os trámites de recompilación de información sobre as principais afeccións, actuacións ou proxectos que podan condicionar o desenvolvemento do proceso, para dar cumprimento ao establecido no artigo 9.2 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que establece:

“O servizo provincial solicitará ao concello ou concellos afectados e ao comité técnico asesor definido no artigo 14, así como a calquera outro organismo ou entidade que xulgue conveniente, informes non vinculantes co fin de coñecer o seu criterio respecto das posibles actuacións na zona.”

Segundo o artigo 9.3 da citada lei ditos organismos e entidades disporán dun prazo de 3 meses para remitir dita información.

4.1. Consultas dende a Dirección Xeral de desenvolvemento rural

No senso de dar cumprimento a este mandato, dende A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural consultouse con data 04/02/2022 a diversos organismos, dos que a data 17/08/2022 contestaran os seguintes:

ORGANISMO	RECIBIDO	NON RECIBIDO
Axencia Galega de Infraestruturas	x	
Dirección General de planificación y evaluación de la red ferroviaria	x	
Área de Fomento. Delegación del Gobierno de Galicia	x	
Dirección General de Carreteras. Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia	x	
Deputación Provincial da Coruña	x	
Xerencia Territorial do Catastro	x	
Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal	x	
Rexistro da propiedade de Ordes	x	
Concello de Tordoia	-	

Táboa 13: Organismos consultados dende a Dirección Xeral

No anexo nº 3 achéganse as contestacións de cada un deles completas.



4.1.1. Axencia Galega de Infraestruturas

A Axencia Galega de Infraestrutura manifestou que no ámbito do proxecto de reestruturación parcelaria non hai estradas de titularidade autonómica, nin actuacións en execución ou planificadas por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

4.1.2. Dirección General de planificación y evaluación de la red ferroviaria

A Subdirección Xeral de Planificación ferroviaria describe as limitacións á propiedade que se establecen nos terreos situados no entorno das liñas de ferrocarril pertencentes á rede ferroviaria de interese Xeral (RFIG). En todo caso, conclúe que nesta zona non existen infraestruturas da RFIG e, a curto prazo, non ten prevista actuacións.

4.1.3. Área de Fomento. Delegación del Gobierno de Galicia

Manifesta que o concello de Tordoia ten ferrocarril pero non se ve afectado pola reestruturación parcelaria prevista.

4.1.4. Dirección General de Carreteras. Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia

Informan que unha vez examinada a documentación, o proxecto non afecta a rede de estradas do Estado nin a zona de influencia e non están previstas actuacións de estradas que poidan afectar ao polígono de reestruturación parcelaria.

4.1.5. Deputación Provincial de A Coruña

O Servizo de Vías e Obras informa de que a reestruturación parcelaria de Castenda afecta á estrada de titularidade provincial DP 8401 "Tablilla a Agro do Mestre por Pontepedra" entre os puntos quilométricos 9+000 e 11+500. Emiten un informe favorable indicando as condicións xerais que se impoñen ás actuacións na estrada provincial en relación cos accesos á mesma. (Ver anexo III).

4.1.6. Xerencia Territorial do Catastro

A Xerencia informa que non está a desenvolver actuacións ou proxectos que poidan condicionar o desenvolvemento do proceso de reestruturación parcelaria. Pon a disposición das administracións os datos descritivos dos inmobles para o mellor cumprimento dos seus fins. Advirte que o resultado final do procedemento deberá ser comunicado á Dirección Xeral do Catastro, recordando o carácter continuo da súa cartografía, o que implica representar tanto os inmobles afectados como os lindeiros, sendo o seu obxectivo a representación da realidade inmobiliaria existente e a coincidencia do perímetro exterior da zona co resto do parcelario catastral.



4.1.7. Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal

Segundo o informe emitido polo Distrito Forestal III, non hai masas arboradas de xestión pública, montes catalogados ou montes veciñais en man común. Non existen infraestruturas de xestión forestal destacables, non hai constancia da existencia de:

- expedientes de subvención relevantes
- montes certificados
- montes con proxecto de ordenación ou documento simple de xestión aprobados
- masas de especial valor
- parcelas de experimentación ou masas ou rodais selectos

En canto á previsión de actuacións, lembra os seguintes aspectos a ter en conta:

- considerar establecer algún mecanismo de compensación para que os propietarios non perdan a inversión das plantacións que non acadaron a quenda de corta.
- Os camiños que se constrúan deberán dimensionarse para o tránsito de vehículos longos e pesados e é convinte que se habiliten espazos para carga de madeira
- Serán moi positivas as medidas que se adopten para garantir a conservación das formacións de frondosas autóctonas.
- Aínda que o PXOM de Tordoia tivo en consideración afastar as repoboacións forestais das zonas habitadas, podería resultar de interese asignar un uso non forestal ás parcelas que linden con edificacións ou núcleos rurais.

4.1.8. Rexistro da Propiedade de Ordes

O Rexistro da Propiedade comunica que, polo que a ese Rexistro respecta, non existen plans, proxectos ou actuacións que se prevea podan afectar ao procedemento de reestruturación parcelaria.

4.1.9. Concello de Tordoia

O Concello de Tordoia solicita a inclusión dos núcleos rural e tradicional da parroquia de Castenda na zona de reestruturación parcelaria.

Como resultado das consultas efectuadas, non se prevé a interferencia do proceso de reestruturación parcelaria de Castenda con outros proxectos relevantes de índole pública ou privada. En todo caso, calquera actuación neste procedemento gozará da publicidade e difusión legalmente establecida no texto normativo que o regula (Lei 4/2015, do 17 de xuño) o que xunto co feito de que as actuacións físicas sobre o terreo (obras e actuacións inherentes) teñen que ser autorizadas polos órganos sectoriais competentes, asegura unha necesaria coordinación de todos os procesos que podan confluír no tempo.



Dende un punto de vista urbanístico, a aprobación definitiva do plan xeral de ordenación do concello de Tordoia foi aprobada o 7 de decembro de 2018.

